

Experiencia organizativa e proxección político cultural do exilio republicano galego en México

MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO

Universidade de Santiago de Compostela

O respaldo dunha ampla base documental permítenos afirmar que en todas as iniciativas emblemáticas do exilio español en México houbo unha presenza destacada de galegos trasterrados; feito ata o momento apenas albiscado, e menos salientado salvo nalgún caso moi concreto, entre os investigadores do exilio español. Abordo aquí, nunha apertada síntese¹, o tema concreto da experiencia organizativa e da proxección político cultural do exilio republicano galego en México. Falar de experiencia organizativa e de proxección cultural, con vocación claramente política, implica xa, dalgún modo, que o protagonismo se asigna ao colectivo, subordinando neste caso as ricas achegas individuais, xa foran de escritores, pintores, cineastas, fotógrafos, músicos etc estudadas noutro momento (M^a X. Rodríguez Galdo, 2004).

México, país que se singularizara por apoiar sen vacilacións á República española durante a Guerra Civil², acolleu os refuxiados españois sen limitacións e mantivo o recoñecemento oficial da República no exilio ata a súa extinción en 1977. A actitude de acollida dos exiliados por parte do xeneral Lázaro Cárdenas, presidente de México (1934-1940), foi contundente. Durante a Guerra Civil avogara na *Sociedade de Nacións* pola República española denunciando as flagrantes violacións da «Non Intervención»³.

¹ O material utilizado para a investigación pode consultarse no meu libro *Galegos en México* (2004).

² México non só denunciou repetidamente a intervención das potencias totalitarias no conflito español e criticou a política de equidistancia adoptada polas potencias occidentais na Sociedade de Nacións, senón que suministrou armamento e outro material diverso ao goberno republicano ata que llo impediu a constitución do Comité de Non Intervención.

³ Cárdenas mostrárase partidario de intervir de maneira directa en apoio da República e mostrouse moi crítico coa política de «Non-Intervención», así declaraba o 17 de febreiro de 1937: «Bajo los términos no-intervención se escudan ahora determinadas naciones de Europa para no ayudar al gobierno

No verán de 1937 acollería xa a cincocentos nenos evacuados. E en 1939, ao ter coñecemento das condicións infrahumanas nas que se atopaban os refuxiados nos campos do sur de Francia, puxo en marcha unha xenerosa política de asilo⁴.

A variada composición ideolóxica e de militancia política do exilio republicano galego en México reflíctese nas distintas experiencias organizativas de notable proxección cultural e educativa protagonizadas por este colectivo. Distingue a todas estas inicialmente a súa común preocupación polo pronto restablecemento da legalidade republicana, sostén das liberdades democráticas e garante do recoñecemento da personalidade política de Galicia, unha vez que xa fora plebiscitado o seu estatuto de autonomía quedando pendente o seu referendo polas Cortes Españolas⁵.

Abórdase aquí, de maneira especial, o abano de actividades desenvolvidas polos grupos galeguistas de México dirixidas a crear organizacións na defensa da cultura e da lingua de Galicia. Mais non se descoidan outras menos coñecidas, como é o caso do *Ateneo de Galicia en México* ou da revista *Compostela*, tan vinculados ambos á figura do fisterrán Alejandro Campos Ramírez, salientándose a proxección acadada por republicanos galegos en institucións auspiciadas polo exilio español. Neste caso trátase tanto da posta en marcha de colexios como no canto de recrear en México o «Ateneo» como prolongación do emblemático madrileño.

1. DA DIÁSPORA AO ARRAIGO EN TERRAS MEXICANAS

A maioría dos galegos exiliados⁶ que chegaron a México fixérono a través de Francia, onde atoparan temporal refuxio⁷, en moi duras condicións, tras a caída de

español legítimamente constituído. México no puede hacer suyo semejante criterio, ya que la falta de colaboración con las autoridades de un país amigo es en la práctica una ayuda indirecta –pero no por eso menos efectiva– para los rebeldes que están poniendo en peligro el régimen que tales autoridades representan. Ello, por lo tanto, es en sí mismo uno de los medios más cautelosos de intervenir» (Reproducido tamén en *Siempre*, nº 1242 de 13 de abril de 1973, p. 36.).

⁴ O apoio do goberno mexicano á España democrática foi incuestionable dende o primeiro momento. A este respecto é de enorme interese a consulta do material documental publicado en 1978 en México polo Centro Republicano Español de México, en edición de José A. Matesanz.

⁵ Dáse a circunstancia de que o Estatuto galego obtería o seu referendo nas Cortes Españolas reunidas en México en novembro de 1945, no Palacio Municipal da praza do Zócalo unha vez que, a eses efectos, fora declarado territorio español polo presidente mexicano M. Ávila Camacho a «Sala de cabildos».

⁶ A diáspora republicana, producida ao compás das vicisitudes bélicas de 1936 a 1939, deu lugar polo menos a cinco movementos migratorios de desigual envergadura, pero sempre dramáticos. O primeiro produciríase no verán de 1936 ao caer Guipúzcoa en poder dos sublevados. O segundo, que afectaría xa a 125.000 persoas, produciuse a raíz do triunfo das tropas franquistas no Frente Norte entre os meses de marzo a outubro de 1937 (caída de Bilbao en xuño, Santander en agosto e Asturias en outubro). Na terceira fase de exiliados inclúense aqueles que, entre 1936, 1937 y 1938, por distintos medios de eva-

Cataluña en febreiro de 1939. A retirada a través dos Pirineos quedaría plasmada nas trágicas imaxes, moitas captadas pola cámara do galego Francisco Souza, o máis vello dos célebres fotógrafos «mexicanos» irmáns Mayo, reproducidas unha vez e mais a outra en recordo dunha das maiores hecatombes da historia contemporánea de España. No eido da literatura, sería a escritora galega Concha Castroviejo Blanco-Cicerón (1912-1995) a que representara a dureza desas xornadas de fuxida e de reclusión nos campos de concentración en *Los que se fueron*, na súa novela de 1957; e no xénero memorias Elíxio Rodríguez Domínguez deixaría o seu testemuño persoal das vivencias daqueles días en *Matádeo Mañá*, que subtitula *Memorias dun aviador galeguista republicano entre a guerra e o exilio* (1994), como tamén máis recentemente María Tobío nos seus *Anacos da vida dunha muller galega* (2003). A este respecto resulta especialmente expresivo polo seu dramatismo, non exento de tintas escatolóxicas, o relato do cineasta Carlos Velo na entrevista que publica C. Garibay (1982: 94-95), e que paga a pena reproducir enteira sendo como é pouco coñecida:

–Te voy a contar –me dijo Carlos Velo– *la batalla de la mierda* en los campos de concentración, al sur de Francia. Verás lo que Cárdenas fue para nosotros. Pasamos un amanecer a territorio extranjero. Digamos que los de Franco nos venían pisando los talones, y eso significaba morir en cualquier momento, y los cabrones franceses no abrían la frontera. Por fin la abrieron, y no por consideración a nosotros sino por temor al escándalo internacional que hubiera provocado la matanza de muchos cientos de desarraigados. Desde esa hora hasta el último minuto del *asilo*, se empeñaron minuciosamente en darnos trato de bestias.

–Allez -y les cochons espagnoles!

–A patadas, a empellones, a culatazos, a mentadas de madre. Con furia y saña tales, con desprecio tal que uno decía ¡coño, lo inexplicable es que no nos ametralen a todos de una vez! Nos arrebañaron en una playa ¡un frío para joderse! Y allí como decís vosotros cada quien para su santo. Primero a cuidarse de los propios españoles. Gente hambrienta, aterrorizada, con los nervios hechos trizas, liquidada toda esperan-

sión ou amparados polas representacións diplomáticas conseguiron refuxiarse en Francia, Portugal ou Gran Bretaña. De marzo a xuño de 1938 ten lugar a cuarta onda de exilios con ocasión da caída do fronte de Aragón tras a batalla do Ebro (na súa maioría regresarían á España leal por Cataluña. O total dos catro exilios referenciados elevaría o número total de refuxiados en Francia a fins de 1938 a algo máis de 40.000, segundo as máis recentes estimacións. Nestas catro fases sempre atopamos a presenza de galegos, se ben será na quinta onde se sitúa o groso do exilio galego. A caída de Cataluña, entre xaneiro e febreiro de 1939, provocou o éxodo de medio millón de españois. Por último, outras persoas saírían ó exilio saíndo de portos de Levante cara ós portos de África, ou por avión, nos últimos días da guerra.

⁷ Exhaustiva información en G. Dreyfus-Armand (2000).

za, dispuesta a matarse por una frazada, por cosa que llevarse a la boca. La violencia todo lo penetraba. Muchos no habían sido combatientes, o sea que muchos eran simpatizantes ideológicos, desde el pensamiento y el oficio enemigos de las hordas franquistas, o sea que muchos no eran hombres de pelea y eran los que más sufrían. Lo primero, juntarse cuatro o cinco, formar un grupo para repartirse el trabajo, para protegerse mutuamente, para hablar, Para hacer planes inútiles, inútiles porque allí no había más salida que el mar, y si no tienes ni una lancha de remos... La comida se acabó pronto. Algunas veces nos daban un poco de bazofia. Fiebres. Alucinaciones. Noches de insomnio cabal. Días de letargo. Al principio se esperaban con ansiedad las noticias. Noticias de la guerra y noticias de las respuestas a los llamados de auxilio a todo el mundo. Con los días se acentuaba la opresión, la tiranía de los soldados franceses, y crecía el desespero. Faltaban las fuerzas hasta para caminar. Llegamos a hervir agua de mar con arena, para chupar los granos de arena y sentir que algo resbalaba por el gañote. Las covachas eran de un metro de altura; se hacían de trapos, cartón, algo de madera que se conseguía, piedras, lodo. En dos o tres metros cuadrados vivíamos seis, diez, doce personas ¿Vivíamos? Roncábamos, nos pedorreábamos vacíos, llorábamos ¡Cornetas! ¡Honores a la bandera de Francia! Salíamos como orugas o fantasmas de las barracas, y métele a estar firmes, a saludar a la bandera, a escuchar La Marsellesa y a oír las advertencias y amenazas de los jefes del campo. Un día empezó a soplar un viento huracanado ¡A las barracas! ¡Ahogaba la arena! Y en las barracas se hizo un calor de infierno. De repente una pestilencia insoportable nos echaba fuera. A la arena, a la arena porque allá dentro nos íbamos a asfixiar. El cielo todo estaba lleno de papeles que revoloteaban. Caían dondequiera los papeles. La pestilencia taladraba las narices. ¡Era nuestro culo! ¿Entiendes? Íbamos a zurrar a un lugar apartado y extenso, entre peñas. Y dejábamos allí los pedazos de papel ¿Entiendes? Y el viento los había levantado y nos los devolvía. Llevábamos semanas y semanas esperando noticias por los llamados de auxilio, respuestas a la situación desesperada, y ahora llegaban ciertamente, venían por el camino del cielo, era nuestra propia mierda reseca, ése era nuestro futuro ¿Entiendes? Así estábamos. Volvimos a las covachas. Había que ver la cantidad de gente que ya pensaba en el suicidio. Días después de la batalla de la mierda dormitábamos; que era estado permanente, forma de vida natural: dormir sin esperar nada de nada. Y oímos de pronto un magnavoz ¿Y sabes qué estaba diciendo? Estaba diciendo: «¡Republicanos españoles: Lázaro Cárdenas, presidente de México, en nombre de su gobierno y de todos los mexicanos, les anuncia: México está abierto para ustedes, es su casa, será su nueva patria. México abre los brazos para los hombres de la República Española...!» Y hablaba de un barco que llegaría de un momento a otro, como llegó, y de libertad, de pan, de respeto, de futuro como cosa cierta, segura, ya en la mano.

Outros trasterrados, na vella terminoloxía acuñada por José Gaos, chegarían nos últimos barcos que puideron levantar áncora antes de caer os derradeiros bastións republicanos, ou a través de Portugal. Algúns terían que cumprir condena nos cárceres españois antes de emprender o camiño do exilio, ou mesmo farían un primeiro intento de adaptación como refuxiados noutros países, en especial naqueles nos que tradicionalmente se asentara a emigración galega en América. Intelectuais, artistas, militares, xente encadrada nun amplo abano de profesións comprensivas de todo o mundo do traballo, conforman esta nova Galicia peregrina. Xentes, en definitiva, de toda clase, idade, sexo e condición, ás veces familias enteiras ou amputadas nalgún dos seus membros a causa da guerra, atopan en México refuxio e consideración. Non tanto da xente da súa propia colectividade, pero si do goberno e de amplas capas da sociedade mexicana.

Como é sabido, apenas houbo representación de Galicia no que se considera primeiro continxente de exiliados españois que chegou a México en 1937⁸. A situación cambiaría nas seguintes ondas de refuxiados. Dada a fasquía que ía tomando a guerra entre españois, dous destacados intelectuais mexicanos, Daniel Cosío Villegas e Alfonso Reyes, propuxeron ao presidente de México, Lázaro Cárdenas del Río (1934-1940), a acollida no seu país de persoeiros da intelectualidade española aos que se lles ofrecería acubillo e a oportunidade de continuar o seu labor baixo a invitación de pasar dous ou tres anos na universidade mexicana.

A materialización da proposta de Cosío e Reyes de abrir «un albergue intelectual para profesionales, académicos y artistas exiliados por la intolerancia y la barbarie», en palabras de Cárdenas, significou a chegada dun segundo grupo de refuxiados en 1938. Era inda un reducido feixe, limitado a doce destacados intelectuais, cuidadosamente escolleitos, entre os que se seleccionaría ao musicólogo lugués Xesús Bal y Gay, que se integraría na recién constituída a estes efectos *Casa de España* (C. E. Lida e J. A. Matesanz, 1998). Alfonso Reyes e Daniel Cosío Villegas, piares da cultura mexicana do século XX, serían presidente e secretario da mesma. Esta institución, xerme do que moi axiña sería o *Colegio de México* (que xa estaría constituído como tal en 1940), concebírase, en efecto como centro de investigación e acollida para os exiliados, convertíndose, en último término, nun lugar de encontro e intercambio entre intelectuais e científicos de ambos países.

O apoio absoluto de México á causa española significou a apertura do país aos refuxiados españois, que comezarían a chegar masivamente a partir do final da guerra

⁸ Aquel constituído polo grupo máis afectado pola guerra, o dos cincocentos nenos orfos que serían coñecidos como os «niños de Morelia».

en 1939⁹. A estes fins, antes hóboose de adaptar a lexislación vixente en política migratoria (V. A. Maldonado, 1982:52), xa que a «Ley General de Poblaciones de 16 de febrero de 1934» prohibía a inmigración en México de traballadores remunerados, admitíndose unicamente a especialistas dos sectores industrial, comercial de exportación e agrícola, así como a profesores invitados polas universidades e organismos oficiais¹⁰.

A postura do goberno mexicano explica que o exilio galego se asentara en México con preferencia aos vellos países de emigración, agás posiblemente Arxentina (e iso a pesar das dificultades interpostas polos políticos do país, próximos ideoloxicamente ao réxime franquista) onde pesarían máis á hora da escolla a pervivencia de vínculos familiares previamente existentes (D. Schwarzstein, 2001). Pese á estimable representación de intelectuais e profesionais nas listaxes do exilio galego en México, o perfil do refuxiado é moi amplo, abrangendo, como foi o xeral no exilio español, un amplo abano de profesións e oficios, e destes, moitos máis dos que se pensaba ata hai ben pouco, de escasa cualificación¹¹. Ademais, por tratarse dunha emigración política, saíron en moitos casos familias enteiras cunha maior representación, xa que logo, de mulleres e nenos do que viñera sendo a tradición na emigración anterior de galegos asentados en México; sen esquecer tamén que a guerra antes e o exilio despois propiciarían a formación de novas parellas e grupos familiares.

Outra característica que alonxa ao exilio galego da colonia inmigrante asentada xa en México é a menor tendencia endogámica e a máis rápida asimilación cas xentes e a cultura do país de acollida que se deu entre os refuxiados. Ao anterior engádesse unha maior representación territorial dos emigrantes políticos, pois en principio proceden de lugares moi distintos de Galicia, inda que cunha maior representación da Galicia urbana ou de xentes máis asimiladas ao que o mundo urbano representaba. Por último, a composición social e profesional é moito máis variada no grupo do

⁹ Discutiuse acerca dos criterios adoptados por México, en combinación coas autoridades españolas recoñecidas por este país (representadas polas institucións republicanas «Servicio de Evacuación de Republicanos Españoles», SERE, e mais a «Junta de Ayuda a los Republicanos españoles», JARE). A combinación de principios de solidariedade e humanitarios e a conveniencia de prever as necesidades do país advírtense nas indicacións que Cárdenas trasmitiu a Narciso Bassols, o seu embaixador en Francia. Nas que e lle indicaba «hacer una selección cuidadosa de refugiados desentendiéndose en lo absoluto de filiación y banderías políticas y sociales, siguiendo esta norma de conducta en la selección: 60% de agricultores; 30% de técnicos y obreros calificados y 10% de intelectuales, porcentaje más que suficiente para acoger a los grandes valores científicos que en este aspecto arroja España de su suelo» A. Piña Soria (1939: 12-13).

¹⁰ Precisamente, acolléndose a isto último púidose invitar aos doce intelectuais (entre eles Bal y Gay) cos que se iniciaría a *Casa de España*.

¹¹ A bibliografía sobre o conxunto do grupo español empeza a ser importante. Pode verse en J. A. Matesanz (1982), P. Domínguez (1991 e 1999); C. E. Lida (1994 e 1997); D. Pla (1994); M. Ordoñez (1997).

exilio fronte á dominancia entre os «residentes»¹² dun orixinario mundo eminentemente rural, como o era o da Galicia interior que dende a década dos anos vinte se convertera na principal área de expulsión de emigrantes cara a México. Como é obvio, por tratarse dunha emigración política, a composición ideolóxica do grupo é tamén moito máis variada, reproducindo o mapa político actuante no país na época republicana. O que evidentemente se reflectirá na reprodución no exilio das divisións políticas previamente existentes.

Malia ser o proceso de incorporación de refuxiados dilatado no tempo, o período de grande acollida sitúase en especial entre 1939 e 1942, anos en que o goberno de México e as institucións españolas de refuxiados prepararon a súa evacuación masiva e posterior instalación no país por un tempo que se pensaba curto. Nese labor cooperarían organizacións privadas como a dos cuáqueros ingleses e, entre outras, moi especialmente no caso de Galicia, cabe salientar o papel xogado pola colonia galega de Nova York, que, integrada nas *Sociedades Hispanas Confederadas de Nueva York*, colaboraría moi activamente no traslado de refuxiados galegos a diversos países americanos, con preferencia a México¹³.

Os refuxiados procedentes dos campos de concentración de Francia empezaron a chegar a Veracruz nos finais da primavera de 1939. Tras a arribada do *Flandre*¹⁴ o 1 de xuño con trescentos doce pasaxeiros con viaxe pagado polo SERE, e entre os que se atopaba o biólogo e cineasta Carlos Velo, a expedición que incorpora a un número xa significativo de galegos sería a do *Sinaia*, que traslada a preto de 1.800 refuxiados españois. A contribución dos cuáqueros ingleses como sinalaba e doutras asociacións de intelectuais europeos foi decisiva para que o barco puidese partir de Sète e entrar no porto de Veracruz na mañá do 13 de xuño de 1939. A representación galega inclúe nomes como os do escritor Lorenzo Varela, o fotógrafo Francisco Souza, o historiador Ramón Iglesia Parga, o arquitecto Xosé Caridad Mateo, o xastre Manuel Sousa Hermida, o funcionario do corpo de carabineiros Vicente Rodríguez Rodríguez

¹² Como se adoita nomear aos emigrantes tradicionais.

¹³ Considerando os rexistros de estranxeiros C. E. Lida (2001:222) asigna aos exiliados galegos unha representación aproximada dun 4,43% dentro do conxunto español. Os orixinarios de Galicia sitúanse claramente por detrás dos de Cataluña (17,40%), «Castilla la Nueva» (14,79%), Andalucía (10,56%), Asturias (9,56%), «Castilla la Vieja» (8,65%), e País Vasco (7,65%). Son datos que teñen un valor aproximado debido ás deficiencias das estatísticas, pero apuntan, como se sinala no estudo citado, que a súa representación acadara niveis de significación por riba dos normalmente aceptados para zonas, como Galicia, nas que moi axiña triunfara a rebelión militar.

¹⁴ Este barco levantara áncora de Saint Nazaire a principios de maio de 1939, pero a diferenza das posteriores esta viaxe non fora organizada integramente polos organismos de axuda aos republicanos inda que o SERE colaborara no pago das pasaxes e en amañar o papelame necesario cas autoridades francesas e mexicanas.

ca súa familia, o mariñeiro Francisco Fernández Abal... Xente en fin de profesións diversas inda que prime o compoñente intelectual. Nos dezaoitto días de travesía, un reducido grupo, no que se atopan Lorenzo Varela, Ramón Iglesia Parga e Xosé Caridad Mateo, elaboran o diario de a bordo que bautizan co mesmo nome do barco, e Francisco Souza realizaría, coa súa famosa leica, as fotos que plasmaron diversas escenas da vida diaria no barco.

Temos outros testemuños de primeira man sobre a expedición do *Ipanema*. Conta Elíxio Rodríguez no seu libro de memorias como se desprazaran a Francia «dous paisanos enviados polo Centro Galego de Nova Iorque para escolle-los refuxiados que habían saír cara a México nun barco fretado polos galegos daquela cidade»¹⁵. E continua: «fariámo-la viaxe no *Ipanema*, un barco dedicado ó transporte de gando entre Alxeria e Marsella, que se dirixía naquel momento a Bordeos co fin de practicar nel algunhas adaptacións necesarias para recibir ós refuxiados. Antes de quince días, dicíase, estaríamos navegando rumbo a Veracruz»¹⁶. Coñecemos tamén a través do seu inapreciable testemuño que «o acondicionamento do *Ipanema* para aquela viaxe ... consistía na instalación dunhas improvisadas duchas de auga salgada e liteiras de lona superpostas entre uns armazóns de tubos de ferro, parecido ó que se usa como andamiaxe na construción de edificios... tampouco había moito onde sentar ou descansar. Ningún comedor ou mesas onde comer nin, por suposto, camareiros. Sen embargo, a comida foi abundante e bastante boa...». Tendo en conta o mundo do que partían non estraña que remate coa exclamación de que «...aquela viaxe era unha festa só embazada pola tristeza da nosa inmerecida derrota».

Sabemos, en parte, da ampla relación de galegos que viaxaban no *Ipanema* pola publicación *España Libre* de Nova York de 19 de xaneiro de 1940, órgano das Sociedades Hispánicas Confederadas»¹⁷. Ca chegada do *Ipanema* a Veracruz repetíronse

¹⁵ O testemuño de Elíxio Rodríguez sobre as sociedades de Nova York e sobre outros pormenores da viaxe no *Ipanema* coincide plenamente co testemuño oral e o realizado en diversas entrevistas de prensa por Ramón Esturao Calvo.

¹⁶ A cita é da páxina 277.

¹⁷ Entre outros nomes recolle baixo o epígrafe de «Refugiados evacuados por cuenta de las Sociedades Hispánicas Confederadas», os de Guillermo Aneiros Manday, Benito Bua Rivas, Jesús Bernárdez Gómez, Joaquín Barreiro Barciela, Loreto Seoane López, Manuel Domínguez Benavides, Nazario Domínguez Menor, Eugenia Sanjuán Moreno, María Domínguez Sanjuán, Manuel Diéguez Rodríguez, Florencio Delgado Gurriarán, José Domínguez Esteiro, Ramón Esturao Calvo, Lucio Ferreiroa Veiga, Dolores Ontañón Soriano, Rosa M^a Ferreiroa Ontañón, Juan López Durá, Pedro Martul Rey, Laureano Poza Juncal, Manuel Porteiro Viña, Eligio Rodríguez Domínguez, Rogelio Rodríguez de Breña, José Rodríguez Cociña e Andrés Valín Salvador.

A relación, sendo ampla, é bastante incompleta. Tamén chegaron a México no *Ipanema* María Tobío, Carlos Tomé e Amadora Tomé, Ramón Cabanillas (fillo do poeta do mesmo nome), Antonio Cardero, Domingo Rodríguez, Felix Martín Iglesias, Horacio Casas Iglesias, Xusto Couto, Serafín Fernández Ferro, Edmundo Domínguez, Inocencio Ferrer Xusto, Roxelio Rodríguez de Breña...

as escenas de calor e emoción que recibiran poucos días antes aos desembarcados do *Sinaia*. A mesma publicación de Nova York daría conta tamén dos galegos «evacuados en el Mexique», no «La Salle», no «Statendam» e no «Westerland»¹⁸. Chegarían máis barcos¹⁹ inda en 1940 e 1941 grazas á decidida negociación do goberno mexicano co francés de Vichy (C. Lida, 1991:73). Dende Portugal partirían outros barcos como o *Serpa Pinto* e *San Thomé*. Algúns, os menos, utilizaron o avión como fixo Luciano Concheiro García dende Lisboa, e houbo quen emprendeu a viaxe nun bou dende a súa vila natal, como o anarcosindicalista Francisco Lado que escapa deste xeito dende Malpica, A Coruña.

2. EXPERIENCIA ORGANIZATIVA E PROYECCIÓN POLÍTICO CULTURAL DOS REFUXIADOS GALEGOS

A creación de institucións educativas foi unha das primeiras preocupacións do exilio español. As razóns foron varias. Buscábase primeiro unha educación semellante á impartida en España baixo o influxo da Institución Libre de Enseñanza, nun ambiente laico, liberal, progresista e de coeducación, unido a unha preparación intelectual, á vez científica e humanista, e que permitise ao grupo dos novos exilados manter a súa identidade mentres agardaban o seu pronto regreso á España democrática. O nutrido número de profesores e mestres exiliados permitía dispor ademais dun bo cadro de persoal para levar adiante unha empresa de tal fasquía e importancia. Contábase co apoio dos dous organismos da axuda aos refuxiados españois, SERE e JARE e coa decidida colaboración do Goberno de Cárdenas que defendía para México un modelo semellante ao representado polos homes da *Institución*.

2.1. Presenza galega nas iniciativas emblemáticas do exilio en México

Dende o seu principio, en todas as iniciativas emblemáticas do exilio en México, xurdidas as primeiras delas a moi poucos meses da derrota republicana, é de salientar a presenza galega. O SERE funda en agosto de 1939 o *Instituto Luis Vives* e

¹⁸ No «Mexique» (Lucas Amil Mosquera e Juan Jeremías Montero), no «La Salle» (Ramiro Isla Couto e esposa, Francisco Martín Barquero), no «Statendam» (José Prego Vieiro) e, por último, engade a citada publicación que no «Westerland», e chegados a México vía Nova York, arribaron Ramón Prol e Germán Rañó Pérez

¹⁹ Como o *Nyassa*, ou o *De Grasse* (no que arribaron a Nova York 206 españois, que as autoridades estadounidenses meteron nun tren, en vagóns selados, ata a fronteira de Nuevo Laredo; e unha vez en solo mexicano continuarían viaxe ata a capital da República nun autobús que tiña por nome «El Águila Roja»).

apenas un ano despois a *Academia Hispano Mexicana*. A maior representación de galegos acadarase no *Instituto Hispano Mexicano Ruiz de Alarcón* fundado a finais de 1939 con capital do goberno mexicano. Os tres colexios ofrecían todos os niveis de ensino: xardín de infancia, primaria, secundaria e preparatoria, segundo a división e terminoloxía do momento. No segundo semestre de 1941 a JARE abre o *Colegio Madrid*²⁰. No cadro de profesores do *Luís Vives* integrárase como profesor de primaria o galego Luís Soto Fernández. Na *Academia Hispano Mexicana* Carlos Velo dá aulas de zooloxía, Pablo Diz Flores, de Física e Química e anos despois incorporárase Arturo Souto Alabarce para impartir literatura. Cando nos anos cincuenta o *Colegio Madrid* incorpore os estudos de secundaria o escultor Uxío Souto será un dos profesores.

Un caso ben singular é o do Instituto *Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón*, fundado e financiado por capital mexicano asignado por Lázaro Cárdenas quen en todo momento manifestou, coa súa presenza no centro, o seu apoio persoal a esta iniciativa, que fixo extensiva de maneira particular ao seu director, o galego Pedro Martul Rey. O Instituto ocupaba un local na rúa de Córdoba e impartía todos os niveis do ensino pre-universitario, dispensando ademais estudos mercantís e máis xurídicos. No seu corpo de profesores integraba a intelectuais mexicanos como Antonio Castro Leal, Samuel Ramos, Luis Garrido e Alfonso Reyes e científicos e intelectuais do exilio da talla de Cándido Bolívar Pieltain, Pedro Carrasco, Enrique Rioja, Manuel Sánchez, Blas Cabrera, Arturo Sáenz de la Calzada, José Luis de la Loma, Anselmo Carretero, Santiago Hernández Ruiz, Marcelo Santaló, José Giral e Concepción Tarazaga, entre outros.

Consta nun pequeno folleto de propaganda a existencia dunha «Escuela de Música», que tiña ao seu cargo o violinista galego Jesús Dopico Barreiro e na que colaboraban mestres como Rodolfo Halffter, Simón Tapia Colman e Manuel Barajas. A nómina de profesores galegos foi realmente ampla. A Pedro Martul Rey na dirección do Instituto acompañao M^a de los Ángeles Tobio e os seus irmáns Carlos e Luís Tobio, Jesús Bernárdez, Manuel Benavides, Marcial Fernández Vázquez, Hermenexildo Losada, e Laureano Poza Juncal. O arranque do *Ruiz de Alarcón* non presaxiaba a súa corta singradura. Cuns profesores de primeiro nivel e case mil matriculados e un padroado do que formaba parte o presidente dos petróleos mexicanos non se coidaba que a experiencia rematase por problemas basicamente financeiros²¹.

²⁰ Pero só para preescolar e primaria, habendo que agardar ata os anos cincuenta para que amplíe a súa oferta docente.

²¹ Derivados, ao que parece, segundo escribe Luís Martul Tobío (s.f.) «pola inauguración polo menos doutro instituto que significou a perda moi importante de alumnos, unha vez que se tiñan feito inversións e contratacións en relación ao volume inicial deles e, en consecuencia, a perda parcial, quizáis

A presenza dos galegos nas institucións de toda índole creadas no exilio non se limita á experiencia educativa previa á Universidade. Xa ficou sinalado como Xesús Bal y Gay é un dos membros da *Casa de España* de México, a quen se uniría moi axiña Ramón Iglesia Parga; Carlos Velo e Bibiano Fernández Osorio integran a *Unión de Profesores Universitarios en el Extranjero*, constituída en París en 1939. Por outra parte, no mundo das edicións do exilio e no tempo que Lorenzo Varela permanece en México desenvolve unha febril actividade neste eido (M^a X. Rodríguez Galdo, 2004). O mesmo poderíase dicir no terreo da militancia en organizacións políticas, afectadas moitas destas por graves problemas internos que se trasladaban e tiñan amplo eco nas institucións representativas republicanas. Verbo das primeiras limitareime a sinalar que os galegos están presentes en todo o amplo espectro que cobren as organizacións políticas do exilio, das que Luís Soto no seu apaixonado libro de memorias (1983) fai ampla descrición, inda que os datos non sexan sempre concordantes, como adoita suceder, cos achegados por outros contemporáneos e testemuñas dos mesmos.

Como «un brote feliz y lejano del Ateneo de Madrid» saudaba Alfonso Reyes o nacemento do *Ateneo Español de México* nos primeiros meses de 1949²². Entre os primeiros socios galegos do *Ateneo* figuraron José Caridad Mateo, Adolfo Vázquez Humasqué, Arturo Souto, Carlos Velo, Jesús Bernárdez, José Bernárdez, Lorenzo García Mendy e Julio Souza²³. En publicacións que tenderon máis ben a recoller as vivencias dos fillos dos primeiros exiliados, como a revista *Presencia*, editada en México entre 1948 e 1950, é de salientar a colaboración de Jacinto e Carmen Viqueira.

total, das subvencións das becas da JARE. Esta perda non foi posible subsanala e o instituto tivo que pechar por falta de alumnos. A isto habería que engadir un factor subxectivo, practicamente nunca mencionado, aunque si insinuado moi ocasionalmente, que foi a conducta de certo sector de profesores que antes de que se declarase a situación apuntada, comezaran a demandar recoñecimentos en virtude de pretensións moi discutibles. Mais iso ficou no silencio porque –ademais da confusión que se adoita xenerar neste tipo de conflitos– había que evitar aquilo que poidese actuar en contra da boa imaxe dos exiliados. Actitude ben comprensible». Aos conflitos entre parte do profesorado e a dirección si aluden os testemuños orais dos protagonistas directos dun conflito que remataría na denuncia do director ante a «Junta de Conciliación y Arbitraje» primeiro e, enseguida, no fin da experiencia educativa.

²² Unha institución que nacía cunha vontade integradora, coa arela de reactivar o ideal republicano, algo debilitado pola disgregación e fortes divisións que reinaban entre os diversos grupos e organizacións culturais. Queríase unha «agrupación en la que todos tuviesen cabida independientemente de sus posiciones políticas y que fomentase la expresión de las ideas y los avances que se advirtiesen en beneficio de la humanidad» segundo declaraba Bernardo Giner no momento da súa constitución.

²³ Na actualidade forma parte da mesa directiva o antropólogo de orixe galega Santiago Genovés.

2.2. As experiencias organizativas dos grupos galeguistas en México

A actividade dos grupos manifestamente galeguistas de México foi intensa no canto de crear organizacións en defensa da cultura e da lingua de Galicia²⁴. Semella como si o xerme transportado no *Ipanema*, de maneira máis salientable, por aquela nutrida representación de xentes de Galicia atopase en México o lugar propicio para crecer e manterse vivo, polo menos ata que se conseguise a volta á terra. De feito, deste grupo inicial xurdirán as primeiras iniciativas de crear órganos colectivos de expresión en lingua galega. Uníaos o ideal galeguista por riba de posicións estritas de partido, o que dotou a estas experiencias de maior riqueza e complexidade.

A primeira empresa sociocultural creada polos galeguistas de México foi *Saudade. Verba Galega das Américas*, que sae á rúa en 1942 coincidindo co «día de Galiza» (R. Gurriarán, 1999:158). Tivo como editor responsable nos dous primeiros números ao arquitecto Xosé Caridad Mateo, responsabilidade que traspasa a Ramiro Illa Couto no terceiro número; correndo a cargo de Ramón Cabanillas Álvarez a edición do número catro, último da primeira etapa de *Saudade* que se pecha en xullo de 1943. A redacción integrábana Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Ramiro Illa Couto e Ramón Cabanillas Álvarez, colaborando estreitamente con eles Marcial Fernández, Manuel Porteiro Viñas e Bieito Búa Rivas. Outros colaboradores serían Bal y Gay, López Durá, Arturo Souto, Roxelio Rodríguez de Bretaña, Xesús Dopico Barreiro, Uxío Souto, Celestino López, Severino Pellit, Adolfo Vázquez Humasqué, Basilio Bernárdez..., aos que se sumarían outros procedentes do mundo da emigración e o exilio en toda América.

Un dos propósitos que perseguía a publicación era a incorporación da colonia galega, a dos vellos residentes, á loita pola defensa da personalidade cultural e política de Galicia. Coincidindo co último número de *Saudade* publicase, tamén un 25 de xullo, o *Cancioneiro da Loita Galega*. Edición da que se sabe foi responsable o poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

Logo da publicación destes catro números de *Saudade* non volverá a aparecer ata 1952, manténdose na nova xeira ata agosto de 1953. Nesta súa segunda etapa incorpora colaboracións de galeguistas do interior, e na dirección está agora o socialista Marcial Fernández²⁵, incorporándose Luís Soto á redacción. Segundo R. Gurriarán

²⁴ Ademais das actividades pluripartidarias que aquí se reseñan, militantes de partidos neste caso de ámbito español, desenvolven en México iniciativas galeguistas no interior das súas mesmas organizacións partidarias, como foi o caso de Luís Soto no partido comunista (mellor coñecidas neste caso pola publicación das memorias de Soto) ou de Marcial Fernández e de Manuel Porteiro no socialista.

²⁵ Un ano antes publicara en México *Trascendencia e hondura de Castelao*, con prólogo de R. Suárez Picallo.

(1999: 233) «esta empresa unitaria foi o xermolo de importantes accións culturais que logo virían, como o *Patronato* e *Vieiros*».

Unha vez máis o último número de *Saudade* coincide con outra sonada actividade galeguista. Nesta volta coa constitución do *Patronato da Cultura Galega en México*, que se leva a cabo no hotel Majestic de México D. F. no 29 de xuño de 1953. A primeira directiva estivo presidida polo violinista Xesús Dopico Barreiro, con Roxelio Rodríguez de Breaña como secretario xeral. Nun ano pasarían de 44 a 300 asociados. Esta institución serviu de exemplo para outras iniciativas semellantes das que a máis destacada foi o Patronato de Montevideo; así o sinala Elixio Rodríguez (1994: 349) cando escribe: «Nesa época, o Padroado gozaba dun ben merecido prestixio e da simpatía de todo o ámbito galeguista. Inspirados nos nosos mesmos principios, en Bos Aires e Montevideo acababan de organizarse senllos Patronatos da Cultura galega».

Entre as primeiras actividades do *Patronato* figura a posta en marcha dun programa de radio en galego «Hora da Cultura Galega» que axiña pasaría a chamarse «Hora de Galicia». En realidade esta audición xa viña funcionando, a iniciativa de Rodríguez de Breaña, dende 1952 grazas á intervención decisiva de Gloria Díaz, muller de Elixio Rodríguez, ante un vello amigo da familia, o galego Ramón Ferreiro, dono da XEMC. Relata os avatares desta audición radiofónica e das presións exercidas sobre o dono da emisora Elixio Domínguez no seu *Matádeo mañá* (1994:345-346). Tras dous cambios sucesivos de emisora, o programa *Hora de Galicia* conseguiu continuidade na Cadena Radio Continental. Gabábase Elixio Rodríguez da serie de personalidades da vida do exilio e da intelectualidade mexicana que colaboraron con *Hora de Galicia*.

O *Patronato* conseguiría no seu primeiro ano de vida publicar *Presencia de Galicia en México*, que recolle as intervencións no programa radiofónico nunha edición ao coidado de Arturo Souto. Foi responsabilidade do *Patronato* a creación da *Irmandade da Fala*, que acubillaba unha escola de galego, unha masa coral, bandas de gaiteiros, equipos deportivos, etc., realizando todos os anos o día de Galicia unha festa conmemorativa e unha ofrenda floral no monumento á Independencia mexicana.

Problemas de índole política e persoal, sobre os que se estende Luís Soto no seu libro de memorias²⁶, enredaron a vida do *Patronato* ata que a liña máis radical representada por Luís Soto, co apoio de Carlos Velo e Adolfo Vázquez Humasqué (daquela conselleiro especial da Presidencia da República de México, como informa Soto), fixéronse co control do mesmo. Co tempo, as divisións darían lugar a convoca-

²⁶ Nas páxinas 132 a 139.

torias do «Día de Galicia» diferentes, a realizada pola *Irmandade Galeguista* e a efectuada polo *Padroado*, como acontecería en 1963.

Sendo Carlos Velo presidente do *Padroado*, e tras unha madura decisión do mesmo Velo, Florencio Delgado Gurriarán, Luís Soto e Elixio Rodríguez, adóptase a decisión da publicación de *Vieiros*. Tratábase «dunha revista de alto nivel nacionalista e cultural, totalmente escrita na nosa lingua, sen desdoura-las súas páxinas con anuncios comerciais, eventos sociais ou temas políticos de caste ruín. Propuxémonos que fose a mellor e máis impresionante do mundo galego» (E. Rodríguez, 1994: 350). É de salientar que entre os «petrucios» de *Vieiros*, que en cada número se fan constar, figuran galegos da colonia de residentes, unha presenza que inda sendo pequena non deixa de ser significativa.

O primeiro número sae en 1959 codirixida por Carlos Velo, Florencio Delgado Gurriarán e Luís Soto. Un segundo número, codirixido polos mesmos, sae en 1962. No terceiro de 1965 Florencio Delgado é substituído por Xosé Caridad Mateo²⁷, un recambio, seica, «froito das desavenencias entre os diferentes grupos que formaban o «Padroado», xunto coa liña editorial, que camiñaba cara aos intereses de Soto, na procura da conformación dun partido marxista galeguista» (R. Gurriarán, 1999:251).

Máis tarde escribirá Soto (1983:176), «por circunstancias especiais fiqui practicamente só coa responsabilidade de editar sucesivos números de *Vieiros*. Logrei sacar o número tres e o número catro, pro como se botaban enriba cuestións políticas de limiar valencia, decidín abandonar *Vieiros*, por non poder atender tódolos ángulos do traballo galego e ademais o meu traballo persoal... Desaparece cando a Unión do Pobo Galego loita cumpridamente na clandestinidade. Este ángulo era sen dúbida o máis importante». O último número de *Vieiros* saíu na primavera de 1968.

Malia que *Vieiros* tan só sacou catro números, que os exemplares foron máis ben escasos e a longa periodicidade entre uns e outros²⁸ constitúe, con *Galicia Emigrante*, a publicación de Luís Seoane en Arxentina, a máis destacada aventura xornalística na emigración da posguerra. Concibida como un lugar de encontro entre os intelectuais galegos exiliados e os que ficaban en Galicia, converteuse así mesmo nun medio de expresión para os artistas plásticos, que a dotaron de gran riqueza tipo-

²⁷ Luís Soto (1983:173) explicara que «ó encetar o terceiro número Florencio tivo reservas ideolóxicas en col da estratexia política establecida e polo tanto substituíno no cárrego Xosé Caridad Mateo, que conxugaba o nacionalismo radical co internacionalismo proletario».

²⁸ A revista, pensada para ser trimestral, rematou sendo trianual.

gráfica e de magníficas ilustracións²⁹. A orientación da revista explicitábase no «Alicerce» do primeiro número:

A emigración galega ten a raízame afincada na Terra e polo tanto non forma un membro decotado do corpo vivo da Nai Galiza.

Velehí porque negamos a existencia de dúas Galizas, con carácter e ouxetivos desomellados: a Galiza fistérrica, dos vellos lares, e a Galiza emigrada espallada pola rosa dos ventos.

Por iso arelamos ser unha publicación da Galiza única, co pensamento, co corazón, cos pés e coa vida na Terra, pra sinalar os VIEIROS da nosa cultura diferenciada, do noso xeito de ser e de vivir, da nosa economía pegullal, do noso devír na laboura civilizadora do universo, adaitada ás nosas características, as cales fixan, sen dúbida algunha, que somos unha Nación».

Outra experiencia singular, menos coñecida, e de menor proxección que as anteriores foi a do *Ateneo de Galicia en México*. A vida desta institución está intimamente ligada á presenza en México do fisterrán Alejandro Campos Ramírez (maio 1919- febreiro 2007), máis coñecido como Alejandro Finisterre. Cando apenas se cumprían dez anos de desbordante actividade nos círculos culturais mexicanos e Finisterre pensaba na súa instalación en París para proseguir con novos proxectos, os seus amigos de México réndenlle en outubro de 1966 unha homenaxe que a revista *Compostela* recolle con xenerosidade no seu, e único, número de 1967. Das verbas alí pronunciadas por Francisco Montarde, director da Academia Mexicana e entusiasta colaborador do galego, dedúcese claramente que o *Ateneo* que leva o nome de Galicia fora iniciativa de Finisterre. Expresábase así Montarde: «Aquí, entre outras afirmacións de Alejandro Finisterre, quedan, al lado de sus actividades como editor ejemplar, la fundación del Ateneo de Galicia en México, del cual aceptó ser, modestamente, Secretario, pues lo preside el Dr. Amancio Bolaño e Isla, y ambos decidieron favorecerme con la presidencia honoraria, que, en efecto, me honra».

Coñecemos tamén a través das páxinas de *Compostela*, que o seu presidente honorario sitúa como «órgano de ese Ateneo de Galicia en México», a personalidade

²⁹ A nómina de colaboradores é intensa, entre os que, sen ánimo de exhaustividade, cómpre citar a García Sabell, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Bouza-Brey, Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Antón Tovar, Raimundo Patiño, Neira Vilas, Ánxel Fole, Guerra Da Cal, Ramón Lourenzo, Fernández Oxea, Méndez Ferrín, Martínez Risco, Ánxel Huete, Paz Andrade, Várela Jacome, Carballo Calero, Manuel María, Bernardino Graña, López Casanova, Alonso Montero, Pedro de Llano, Alberto Vilanova, Bieito Cupeiro, Núñez Búa, Alberto Míguez, Emilio Pita, Ramón Chao, Víctor Luis Molinari, Darío Álvarez Blázquez, Dora Vázquez, Río Barja.

do doutor en Letras Amancio Bolaño e Isla «ilustre intelectual gallego residente en México» dende 1936. Discípulo de Ramón Menéndez Pidal e Américo Castro, era no tempo que ocupa a presidencia do Ateneo, «Maestro Emérito» da Universidade Nacional Autónoma de México. Antes fora tamén profesor do Colegio de México e de diversas universidades mexicanas.

Esténdese Montarde sobre o traslado a París de A. Finisterre: «su propósito, al marcharse de México temporalmente, consiste en ir a Francia, para afirmar lazos editoriales, entre aquel país y los de Hispanoamérica; sobre todo el nuestro. Aguardemos los frutos. El editor cambiará de sede, ampliará su campo de acción; mas el paralelo meridiano seguirá siendo el mismo, como Alejandro Finisterre, gallego sin morriña, que aún lanzará, antes de irse, el grueso tomo –revista o memoria–: Compostela, órgano de ese Ateneo de Galicia en México, del cual es insustituible Secretario; volumen que reúne, en cerca de un millar de páginas, estudios sobre artistas galaicos del pasado y del presente».

Pouco máis se sabe do *Ateneo* despois do publicado en *Compostela*, unha institución empeñada en ofrecer unha visión de Galicia como posuidora dunha cultura propia, con realizacións que se insiren nas creacións máis universais da cultura. Un empeño que guiou a inxente actividade editorial, e tamén de creación propia, de Alejandro Finisterre a quen lle cabe a honra de ser o inventor do fútbolín a moi curta idade, cando se recuperaba das feridas da guerra nun hospital catalán³⁰. Finisterre gozou de amplo recoñecemento da intelectualidade mexicana e española exiliada. A súa fonda relación con León Felipe levoulle a ser presidente da Fundación que leva o seu nome³¹.

En entrevista publicada no xornal *La Voz de Galicia* (26 de setembro de 2003) explicaba Finisterre que en *Compostela* (título escollido «porque ese era o nome que identificaba o máis internacional, o fenómeno galego máis universal», nas verbas do seu editor), «publicamos a primeira traducción aparecida en México de *Cantares Gallegos*, de Rosalía; outra traducción de Fernando Pessoa; un traballo da vida do beato Frei Sebastián de Aparicio, un galego que foi o primeiro en utilizar un vehículo rodado en América; outros de Villar Ponte, sobre Valle Inclán, a actividade do Ateneo de Galicia e do Centro Galego de México, as conclusións do terceiro congreso da emigración celebrado en Santiago...». De *Compostela* saíu un só número, «porque

³⁰ Por este motivo, Os diplomáticos de Montealto, coñecido grupo galego de música, compuxeron no seu honor unha canción que repite a estrofa: «ano 37 guerra civil/ Alexandre de Fisterra inventa o fútbolín».

³¹ Finisterre organizaría en México D. F. en 1973, no bosque de Chapultepec, un magno homenaxe a León Felipe, con ampla representación do exilio español. Entre os escritores galegos participantes atopábanse Celso Emilio Ferreiro e Ramón Chao.

non se vendeu, nen tivemos un só asinante, foi un fracaso económico. Boa parte do millar de exemplares foron para os centros galegos». Previamente editara unha ampla antoloxía de poesía galega que contén case cen autores.

Alejandro Finisterre figura entre a escollida nómina de editores que fixeron da edición e da impresión a súa arma para loitar contra o esquecemento do que representaban os valores republicanos. El mesmo deixou constancia do seu labor na recompilación de documentos, poemas e recortes periodísticos ensarillados por comentarios que publica en *Ecuador 0º, 0', 0"* (1977). Fundara *Ecuador 0º, 0', 0"* en Quito en 1952 co obxectivo de difundir «lo más olvidado por los editores comerciales», tanto en poesía como en teatro e ensaio literario (J. F. Escalona, 1977). Outro segundo número editárase en Guatemala antes do seu traslado a México en 1956 onde se editarán os volumes da primeira e segunda época (1952-1968 e 1968-1977). A *Ecuador* engádense outras coleccións que perseguen o mesmo obxectivo de dar a coñecer a literatura esquecida polos imperativos comerciais.

Sinalaba ao comezo que falar de experiencia organizativa e tratar de poñer o acento na proxección político cultural do exilio galego en México ía restar merecido protagonismo ás ricas achegas individuais dos nosos «refuxiados» á súa terra de acollida, como xa tiveron ocasión de mostrar no libro antes citado de 2004. Unha vez máis pódese dicir, neste caso verbo de Galicia, o que tantas veces se ten afirmado da marca deixada na vida cultural, artística, científica etc., dos exiliados republicanos: «México gañou o que Galicia perdeu».

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Castroviejo, C. (1957): *Los que se fueron*. Barcelona, Planeta.

Domínguez Prats, P. (1991): «Las maestras republicanas en los colegios españoles de México», en VV.AA, *Las mujeres en la guerra civil española*, Madrid, Ministerio de Cultura, pp. 330-339.

Domínguez Prats, P. (1999): «Exiliadas de la guerra civil española en México», en *Arenal*, vol 6, pp. 295-312.

Dreyfus-Armand, G. (2000): *El éxodo de los republicanos españoles en Francia*. Barcelona, Crítica.

Escalona, J. F. (1977): «La imprenta peregrina: escritores y editores en México», en *Exposició Bibliogràfica l'Exili*.

Exposició bibliogràfica: l'Exili.

Finisterre, A. (compilador): *Simplicio Revulgo. Coplas de maldecir, plegarias y flornabos del tiempo y del espacio*, México, Finisterre, Ecuador 0°, 0', 0'' , nº 19, 2ª época, 1977, 227 pp. (ilustraciones de P. Picasso).

Garibay, C. (1982): Testimonio de Carlos Velo en *El exilio español en México. 1936-1982*, México, Salvat/FCE.

Gurriarán, R. (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés republicano e galerista*. Sada, Edición do Castro.

Lida, C. E. (ed.) (1981): *Tres aspectos de la presencia española en México durante el Porfiriato*, México, El Colegio de México.

Lida, C. E. (ed.) (1994): *Una inmigración privilegiada. comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*. Madrid, Alianza.

Lida, C. E. (1991): «Los intelectuales españoles y la fundación de el Colegio de México», en Nicolás Sánchez Albornoz (compilador) *El destierro español en América. Un trasvase cultural*, Madrid, I.C.I.-Sociedad Estatal Quinto Centenario-Sirueta, 1991, pp. 95-102.

Lida, C. E. (comp.) (2001): *México y España en el primer franquismo, 1939-1950: rupturas formales, relaciones oficiosas*. México, Colegio de México.

Lida, C. E. y Matesanz, J. A. (1998): *El Colegio de México: una hazaña cultural. 1940-1962*, Edición de El Colegio de México, México.

Maldonado, V. A. (1982): «Vías políticas y diplomáticas del exilio» en *El exilio español en México. 1936-1982*, México, Salvat/FCE.

Martul Tobío, L. (sf): «O Instituto hispano-mexicano Ruiz de Alarcón: unha experiencia docente no exilio». En prensa.

- Matesanz, A. (comp.) (1978): *México y la República Española: antología de documentos, 1921-1977*. Centro republicano Español de México.
- Ordóñez, M. (1997): *El comité técnico de ayuda a los republicanos españoles: historia y documentos, 1939-1940*. México D.F., Instituto Nacional de Antropología e Historia.
- Piña Soria, A. (1939): *El presidente Cárdenas y la inmigración de españoles republicanos*, México, Multígrafos SCOP.
- Pla Brugat, D. (1994): «Características del exilio en México en 1939» en Clara E. Lida (ed.) *Una inmigración privilegiada. Comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*, Madrid, pp. 218-231.
- Rodríguez Domínguez, E. (1994): *Matadeo Mañá*. Vigo, Edicións Xerais.
- Rodríguez Galdo, M^a X. (2004): *Galegos en México. Pasado e presente*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Schwarzstein, D. (2001): *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina*. Barcelona, Crítica.
- Sinaia. *Diario de la Primera Expedición de Republicanos Españoles a México*, Madrid, Fondo de Cultura Económica/Instituto Mexicano de Cooperación Internacional/Universidad de Alcalá, 1999, 165 pp. [Edición facsimilar].
- Soto, L. (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. Vigo, Edicións Xerais.
- Suárez, L. (1982): «Prensa y libros, periodistas y escritores», en AAVV, *El exilio español en México 1939-1982*, Salvat-F.C.E., México, pp. 601-621.
- Tobío, M. (2003): *Anacos da vida dunha muller galega*. Sada, edicións do Castro.